

A morte e enterro de Curros na prensa betanceira

XESUS TORRES REGUEIRO*

Sumario

A repercusión na prensa de Betanzos da morte do poeta Curros Enríquez na Habana e o traslado dos seus restos á Coruña en 1908.

Abstract

The impact in the Betanzos newspapers of the death of the poet Curros Enríquez in Havana, and the removal of his remains to A Coruña in 1908.

O poeta Manuel Curros Enríquez morre na Habana o 7 de marzo de 1908 na clínica Covadonga do Centro Asturiano, na que estaba ingresado ao manter desavinzas e enfrontamentos cos dirixentes do Centro Galego. Ao día seguinte, 8 de marzo, aparece na prensa a triste nova. E o día 10 de marzo xorde a idea do traslado dos restos do poeta a iniciativa da Asociación da Prensa da Coruña, que se constituíra en decembro de 1904.

Curros fora homenaxeado na Coruña na viaxe que realizara a Galiza en 1904, catro anos atrás, antes de embarcarse para A Habana. O 21 de outubro dese ano celebraríase o acto, unha magna velada na que fora coroado (a coroa consérvase actualmente na sede da Real Academia Galega na Coruña) como poeta ilustre. O feito tivo unha grande significación: «Ningún poeta gallego había sido coronado jamás. Lo preceden en esto dos poetas castellanos: Quintana (1855) y Zorrilla (1889)».¹

A sona e popularidade de Curros foron enormes no seu tempo. A raíz da súa morte xorde na Coruña unha sociedade cultural denominada «Curros Enríquez», proxéctase construír un colexio que leve o seu nome, edificado pouco despois e que aínda existe hoxe, mesmo unha das «parellas» de pesca do porto coruñés chámase Curros Enríquez. Na Habana comezara a publicarse aínda en vida do poeta unha revista co título *Aires da miña terra*, boletín da sociedade mutual e benéfica do mesmo nome. E tamén en Buenos Aires aparece



* Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino*.

un par de anos despois da súa morte outra publicación que tamén levaba o título da célebre obra de Curros.

A Asociación da Prensa coruñesa, constituída pouco despois da homenaxe ao poeta ilustre, e conformada por algúns xornalistas próximos ás ideas de Curros e do Rexionalismo galego, avogarán pola repatriación dos restos do poeta celanovés unha vez se coñeza a súa morte.

Os restos de Curros chegan na tarde do 31 de marzo no barco «Alfonso XII», que fondea no porto da Coruña ás cinco e media, e son recibidos por unha comisión integrada polo alcalde coruñés, concelleiros, representantes da Academia Galega, Asociación da Prensa, Circo de Artesanos e un longo etcétera. Os restos do poeta, que veñen acompañados polo presidente do Centro Galego Sr. López Pérez, o compositor Chané e o xornalista e escritor Nan de Allariz (este en representación do *Diario de la Marina* da Habana), son trasladados ao Palacio Municipal onde se instala a «capela ardente».

O alcalde da Coruña, Sr. Sánchez Anido, publica un bando convidando aos veciños das rúas por onde ía pasar o cortexo fúnebre a que colocasen colgaduras nas fachadas e pechasen os comercios a partir das dúas da tarde ata que o cadáver recibise sepultura.²

O ECO DA MORTE E ENTERRO DE CURROS EN BETANZOS

Naquela altura coexisten en Betanzos dous semanarios antagónicos: *La Aspiración* e *La Defensa*.³ O primeiro, aínda que sutitulado «Periódico independiente de esta localidad», pasaba por ser o órgano oficioso do bando liberal brigantino dominante (considerado caciquil polos seus oponentes), dirixido polo avogado Agustín García Sánchez e o seu parente e tamén avogado César Sánchez Sanmartín «Espiñeira». O segundo, sutitulado «Órgano de las Asociaciones de Agricultores», defenderá axiña o movemento político-agrario Solidaridad Gallega, de cariz rexeneracionista e anticaciquil, que tivo precisamente na bisbarra betanceira a súa meirande forza e protagonismo na vertente agraria, de man dos líderes Xoán Golpe e Víctor Naveira. Nin que dicir ten que *La Aspiración* e *La Defensa* desenvolverán un duro enfrontamento que moitas veces devirá en insultos e comentarios pouco elegantes: Para a primeira *La Defensa* será «El Ataque» e «La Ofensa», «la vieja ramera, asquerosa rata de cloaca». E para esta, *La Aspiración* será «La Asofía» (é dicir, a negación da sabiduría)

La Aspiración aparecera o 3 de abril de 1904, un par de anos antes de *La Defensa*, que o fai o 5 de agosto de 1906. Eran publicacións de catro páxinas (a última dedicada a publicidade normalmente, aínda que *La Defensa* non a ten), como case todos os periódicos da época.

A primeira imprimiase no obradoiro dos sucesores de Castañeira, que fora a primeira imprenta de Betanzos, e publicouse case ininterrumpidamente ata maio de 1912, durante oito anos, sucedéndolle outros periódicos da mesma liña ideolóxica e de intereses.

A segunda imprimiuse na Coruña, en diversas imprentas (agás un excepcional número -o 147, con oito páxinas- que se imprimiu en Madrid no obradoiro de *El Liberal*) e para iso precisaba dunha persoa na capital coruñesa que controlase e supervisase a publicación do periódico. Nun principio, esta persoa foi o xove xornalista coruñés Wenceslao Fernández Flórez (nado en 1885), quen habería destacar na profesión e tamén como novelista de temas humorísticos, que se pode considerar como o seu primeiro director, aínda que non figure como tal na cabeceira.⁴

Non destacaba precisamente *La Aspiración* pola súa atención á literatura e moito menos á escrita en lingua galega. Todo o máis, ocasionalmente aparecían algúns poemas do seu

director ou doutros poetas locais, así como ripios nos que se criticaban asuntos de actualidade betanceira. Tampouco a presenza da cultura, en xeral, se deixaba notar alén das gacetillas ou noticias sobre actividades culturais, teatrais ou musicais que se celebraban na localidade. Pola contra, *La Defensa* amosaba un maior interese pola cultura galega, sen dúbida pola influencia dos seus dous directores coruñeses, o xa citado Wenceslao e, despois, Antonio Carballo Tenorio, que terían de encher os espazos que ficaban logo dos textos máis políticos e societarios que se redactarían en Betanzos. Así, teñen aparecido colaboracións de varios membros da Academia Galega que viña de constituírse oficialmente o 30 de setembro de 1906, dende o mesmo presidente Manuel Murguía (colaborou un par de veces), o seu secretario Salvador Golpe (irmán de

Xoán, un dos impulsores da publicación); especialistas sobre arte como Angel del Castillo, técnicos agrarios e veterinarios como Juan Rof Codina ou Benito Calderón, historiadores como Pablo Pérez Constanti, ect. Publica tamén *La Defensa* en forma de folletín coleccionábel monografías como o *Refraneiro agrícola-meteorolóxico* (asinado coseudónimo «Pedro de Merille») e *Lámbrica*, ambos de Salvador Golpe; *La arquitectura cristiana en Galicia*, de Angel del Castillo, ou o célebre *Catecismo da doutrina labrega* de Marcos da Portela (seudónimo de Lamas Carvajal).

E lóxico, pois, e máis se temos en conta que no movemento de Solidaridad Galega estaban implicados os republicanos e rexionalistas galegos e moi especialmente os da Coruña, responsábeis en boa medida da traída dos restos de Curros Enríquez dende A Habana para seren soterrados no cemiterio de San Amaro, que *La Defensa* se ocupe da morte e enterro de Curros con máis interese e espazo que o seu antagonista local *La Aspiración*.

ESCASO ECO EN LA ASPIRACIÓN

La Aspiración, que nós saibamos, só dedicou á morte e enterro coruñeses de Curros un artigo no número 210 do mes de abril (tería que ser o oito de abril, mais no semanario non figura o día ao aparecer borroso ou sen imprimir). Iso si, o artigo, titulado «Una lágrima y un saludo. Curros Enríquez y Chané», ocupa case toda a portada dese número e fá asinado por Juan Ponte Blanco, quen sabemos que era o director do semanario, entre outras cousas por unha nota aparecida no nº 209, anterior a este do artigo, no que se dá conta do falecemento en Puebla (México) de D. Antonio Puente y Blanco, «hermano del director de este periódico».





Juan Ponte Blanco (A Coruña, 1851-Betanzos, 1920), que era músico e cego, intercalaba ás veces un «y» entre os apelidos, non no caso deste artigo.⁵

O artigo de Ponte Blanco mestura a necrolóxica coa salutación ao músico Chané, que era un dos custodios dos restos de Curros e tiña musicado poemas del («Os teus ollos», «Un adiós Mariquiña»). Quizá o gusto e dedicación musical do cego xornalista e músico betanceiro foi determinante para que Chané compartise protagonismo no seu artigo con Curros, quen era realmente o protagonista, aínda que pasivo. Para o director de *La Aspiración*, Curros «no era solo un notable poeta de excelsa inspiración; en su poderosa mentalidad germinaban además las regeneradoras ideas del sociólogo sereno, observador y prudente; los cívicos arrestos del periodista batallador.»

Pola súa parte, Chané era «el músico insigne, el afortunado poseedor de los sublimes secretos del divino arte, el feliz intérprete de las deleitables magias de la armonía.» En definitiva:

«Una gloria muerta y otra viva cobija hoy la Coruña: la primera á perpetuidad, la segunda accidentalmente. Curros Enríquez y Chané son dos expresiones genuinas del alma gallega.»

Por certo, Chané xa fora obxecto da admiración do director de *La Aspiración* catro anos antes, cando lle dedicara toda a páxina da portada do número 9 (29 de maio de 1904) co título «Don José Chané. Una gloria gallega». Nesta ocasión non é Ponte Blanco o asinante do texto, senón que reproduce un artigo do importante periódico *El Comercio* da Habana da autoría de Manuel Morphy, limitándose a facer a súa introducción xustificativa. E, aínda que non aparece o seu nome, enténdemos que é o propio Ponte Blanco, quen confesa que «Unenos con el señor Chané vínculos de antigua y respetuosa amistad, y le somos deudores por nuestra parte de sincera gratitud por el inmerecido concepto en que siempre tuvo nuestra modesta valía.» Lembremos que o director de *La Aspiración* era músico e nativo da Coruña e alí puido coñecer e tratar a Chané na época en que este dirixiu con notable éxito o orfeón «El Eco».

E, se ben, *La Aspiración* non se prodigou coa información da chegada dos restos e o enterro coruñés de Curros, si tivera unha benvinda para el catro anos antes cando viaxou a Galicia dende A Habana. Nunha nota solta sen asinar, do número 6, correspondente ao 8 de maio de 1904, lemos o seguinte:

Después de una larga ausencia de muchos años, tornó temporalmente á la madre pátria el ilustrado periodista y notable poeta señor Curros Enríquez, gloria de la literatura española y particularmente de la gallega, en cuyo dulce y expresivo dialecto escribió muchas y muy inspiradas obras poéticas, mereciendo no pocas el lauro de los certámenes literarios regionales, y otras várias tomaron puesto en el catálogo de los típicos cantos

populares, entre las que figura «Unha noite n'a eira d'ó trigo» escrita por su autor á los trece años en el forro del tratado de la aritmética que tenía para su estudio.

Figuró algún tiempo en las redacciones de los diarios madrileños «El Globo» y «El Imparcial» y actualmente se hallaba dirigiendo el importante periódico cubano «El Diario de la Marina» pero las grandes fatigas que ocasiona la labor periodística, y los rigores del clima tropical, quebrantaron su salud obligándole á suspender sus tareas literarias, para buscar en la pequeña pátria gallega la reconstitución de su gastado órgano.

Sea bien venido el ilustre cantor de las glorias y tradiciones galaicas, asociándonos á los fervientes deseos que toda la prensa regional refleja en sus columnas, respecto al pronto y completo restablecimiento de su salud.



AMPLA INFORMACIÓN EN LA DEFENSA

En canto a *La Defensa*, esta dará cumprida conta da morte e posterior traslado dos restos do poeta, así como doutras noticias con el relacionadas.

No número do 15 de marzo aparece ocupando a portada e contornado por unhas cenefas de loito, un artigo necrolóxico, «Curros Enríquez», con tres partes: «Su muerte», asinada por W. (sen dúbida trátase de Wenceslao Fernández Flórez), e «En honor al poeta» e «Datos biográficos» sen asinar. Acompaña un gravado cun retrato de Curros, asinado coas iniciais M.A., que estimamos corresponden ao artista galego Miguel Angel.

No número 86, correspondente ao 22 de marzo, *La Defensa* publica un solto co título «Curros Enríquez» no que informa, por un lado do telegrama recibido por Murguía, presidente da Academia Galega, notificándolle que o presidente da entidade e o músico Chané (director do orfeón «Ecos de Galicia») acompañarán o cadáver do poeta. Por outro, informa que a revista *Galicia* que se publica en Madrid, ven de dedicar o seu último número ao «glorioso» poeta:

«Todos los que en las letras gallegas destacan en la Corte, colaboran en él, como el Cura de Fruíme, Pereira Muiño, Alfredo Vicenti, Prudencio Canitrot, Emilia Pardo Bazán, Celedonio de la Iglesia, Alberto Insua, El Hidalgo de Tor, Javier Valcarce, Aurelio Ribalta, Galo Salinas, y M. Barros. Publica dos retratos, poesías y fragmentos escogidos del poeta insigne.»

Asimesmo, informa do acordo adoptado pola comisión provincial de Pontevedra de encomendar ao pintor pensionada por esa corporación, Carlos Sobrino, dun retrato ao óleo do inmortal poeta, «con objeto de colocarlo en lugar preferente del Palacio provincial.»

No seguinte número, 87, do 29 de marzo aparece na portada unha nota solta co título «Homenaje a Curros Enríquez», no que se informa da próxima chegada dos restos de Curros á Coruña:

Homenaje a Curros Enríquez

El viernes antepasado fueron embarcados en la Habana los restos del insigne poeta gallego, Curros Enríquez, que llegarán á últimos de este mes, ó 1º de Abril próximo, á la Coruña, donde se les prepara por la prensa y escritores gallegos, un solemne recibimiento, y un entierro digno del ilustre cantor de nuestra tierra.

La familia del inmortal poeta ha dado ya su consentimiento y amplias facultades para todas las solemnes ceremonias del enterramiento, y lugar del sepelio, que, probablemente será en el cementerio de la Coruña.

La comisión encargada de organizar los honores que se han de dispensar al poeta ha dirigido a todas las entidades gallegas la circular siguiente:

«Muy señor nuestro. Designados por la Real Academia Gallega, la Asociación de la Prensa, los Centros docentes y Sociedades de instrucción y recreo de la Coruña, para organizar la manifestación de duelo de todo el país gallego en la recepción y honores que han de tributarse al insigne M. Curros Enríquez, cuya muerte lloran hoy todos los amantes de Galicia, tenemos el honor de recurrir al patriotismo de usted para que á dichos actos se digne asistir contribuyendo de ese modo á satisfacer la sagrada deuda que nuestra tierra tiene contraída con el poeta excelso que se inspiró en el alma de su pueblo, y que en inmortales estrofas, se hizo eco de todas las alegrías y tristezas de todos los dolores y esperanzas de la patria gallega.

Los restos mortales que, gracias al patriotismo de nuestros hermanos de Cuba, descansarán para siempre en la tierra nativa, tan amada del poeta, llegarán á la Coruña, acompañados de una alta representación de la colonia gallega de América, el día 1º de Abril próximo, y el entierro se verificará el día siguiente por la tarde.

Rogándole se digne comunicarnos su decisión sobre el particular, nos suscribimos con tan triste motivo suyos afmos. s.s.q.b.s.m.— Por la «Reunión de Artesanos», Vicente Bermúdez; por la «Asociación de la Prensa», Manuel Casás; por la «Real Academia Gallega», M. Lugrís Freire; por los «Centros docentes», Román Navarro, y por las «Instituciones de cultura», José Seijo Rubio.»

No nº 88, do 5 de abril, marcado cunha cenefa de loito e o escueto título «Curros Enríquez», dase conta da chegada e enterro do corpo de Curros:

«El cantor excelso de Galicia, el poeta muerto en paises lejanos, volvió definitivamente á su patria.

Volvió lo único que faltaba de él, el cuerpo, porque el alma siempre estuvo aquí.

El cadáver del ruiseñor que tenía alas de águila reposa en el Cementerio católico de la Coruña.

¡Descanse en paz!

Su entierro fue, sobre todas las cosas, una manifestación de galleguismo: él fue más que nada un amante de Galicia. Las cuatro provincias hermanas han enviado mensajeros de duelo á recibir los despojos del egregio cantor.

Y viendo el cortejo imponente, ocurriásenos una reflexión amarguísima: Si algunos de estos que hoy figuran aquí, en este acto lucido, demostrasen en vida del poeta iguales cariños, la misma veneración hacia él... ¡cuan distinta sería la vida del pobre perseguido, de la pobre alma dolorida y sola!...»

A continuación fai unha reseña dos principais actos que tiveron lugar. Dela entresacamos os seguintes datos:



-O féretro estaba envolto con lenzos coas cores da bandeira española («nacional») e os «*de la matrícula de la Coruña*». Esta é sen dúbida a que foi adoptada como bandeira galega precisamente a iniciativa dos emigrantes de Cuba.

-O recibemento foi multitudinario. O peirao «*estaba materialmente lleno de personas, ávidas de presenciar la llegada del cadáver de Curros. También las inmediaciones del muelle rebosaban gente.*»

-A caixa exterior do féretro portaba símbolos relixiosos en prata e ouro. O capelán do barco e o párroco coruñés de San Xurxo rezaron responsos antes de baixar o féretro do barco.

-O féretro instalouse no salón baixo da Casa Consistorial (da antiga, sita no ex-convento de San Agustín, pois o palacio actual da praza de María Pita estaba en obras e non sería inaugurado ata 1918) onde foi velado polas comisións e visitado por numerosos cidadáns que desfilaron diante del.

-O enterro realizouse ás tres da tarde do día 2 de abril, organizándose a comitiva na Praza de María Pita, na que formaron parte, ademais das autoridades municipais presididas polo Gobernador civil, os alumnos das escolas públicas e todos os acollidos nos establecementos de Beneficencia.

Copia a continuación dun «*colega coruñés*» as opinións sobre o acto do enterro para dar aos lectores unha idea da «*grandeza del acto*». E remata dando conta da velada necrolóxica organizada pola Asociación da Prensa coruñesa en honor do poeta. Nela tomaron parte «*los principales elementos de Galicia*» e cita á «*inspirada poetisa*» Filomena Dato que «*leyó una sentida composición en gallego*», e ao «*maestro de periodistas*» Alfredo Vicenti, o «*notable dramaturgo*» Linares Rivas, o presidente da Academia señor Martínez Murguía. Estes «*y otros*» que non nomea, leron senllos discursos, pechando o acto o presidente do Centro Gallego de La Habana, sr. López Pérez, «*que estuvo elocuentísimo*» e a quen o público «*lo aplaudió puesto en pié, tributándole una verdadera ovación*». Público que, na súa maioría, seguramente descoñecía os desencontros entre o homenaxeado e os directivos do Centro Galego habanero. Ou, quizá, a verdadeira ovación ao remate da intervención de López Pérez ía en realidade dirixida ao propio Curros.

Como complemento das case tres columnas completas que *La Defensa* dedica ao enterro de Curros, insértase o seu poema «*A primavera*», reproducido quizá de *Aires da miña terra*, onde está recollido. Non sabemos porque se escolleu precisamente este poema como



homenaxe, a non ser para complementar un solto anterior titulado «*La florida Primavera*», estación que viña de comezar.⁶

Mais tamén a información da prensa betanceira, concretamente *La Defensa*, deixará traslucir -ao igual que a prensa coruñesa- a polémica que suscitou o enterro católico de Curros e as críticas dirixidas ao seu fillo Adelardo por permitilo, que se acentúan nunha velada celebrada o domingo 12 de abril por diferentes organizacións republicanas, obreiras e anarquistas, laicas e librepensadoras, así como polo sindicato agrario Unión Campesina. *La Defensa*, dende a súa ortodoxia católica (lembrems que moitos curas formaban parte do movemento Solidaridad Gallega e algúns dirixentes, como o betanceiro Víctor Naveyra, eran notoriamente tradicionalistas) verase obrigada a saír ao paso dos críticos nun solto sen asinar publicado no número 90, do seguinte domingo, o 19 de abril:

Lo de Curros Enríquez

El pasado domingo celebróse en la Coruña un mitín organizado por algunos señores que invocaron la representación de los campesinos para hacer algunas disertaciones sobre sí estuvo bien ó estuvo mal que Curros Enríquez fuese enterrado en cementerio católico.

El acto no causó buena impresión en general. Se vió en él una demostración de fanatismo perfectamente impertinente.

A los campesinos se les da una higa de todas esas luchas religiosas en que no se mete -y hace bien-. Quien diga lo contrario no conoce ni por el forro el carácter del labriego de Galicia.

Explotando su apatía en estas mismas cuestiones, esos señores ansiosos de dar jaleo á sus propias ideas, apelaron al nombre del campesino. Como en la ciudad no había el suficiente número de personas que diesen calor á la idea, se apeló al campo.

Conste —y nosotros tenemos autoridad para decirlo— que el labrador gallego no patrocinó ni aprueba el acto domingo último.

Conste que protesta contra las afirmaciones censurabilísimas de un maestro de escuela láica que, después de una porción de lugares comunes y pensamientos á lo ciudadano Nerón, demostró patentamente ser un hombre desprovisto por completo de sentido estético.

Estas gentes creen que el ser librepensador es así algo como tener una enciclopedia en la cabeza y da derecho á hablar de todo.

Si no indignasen, harían reír.

Y el labrador gallego no aprueba tampoco las censuras dirigidas al hijo del insigne poeta.



Porque á Curros lo veneramos todos como poeta. Como filósofo, en sentido piadoso ó impío... no conocemos la personalidad del ilustre gallego.

Los mismos que atacaron al hijo de Curros por enterrar á su padre en sagrado, se habrán casado seguramente en la Iglesia y habrán bautizado á sus hijos.

Luego, todo esto resulta eminentemente falso y ridículo.

Concluiremos haciendo nuestras las palabras de un colega regional que comentaba el asunto:

«Hombres librepensadores, amigos de esa libertad extravagante, intérpretes y admiradores de la de Curros, ¿qué habéis hecho cuando la desgracia lo arrojó de su tierra?..»

Porque tirios y troyanos lo han desamparado.

A última referencia ao poeta é un solto sen asinar aparecido no nº 119, do 8 de novembro dese 1908, anunciando a publicación das obras de Curros por parte do seu fillo Adelardo:

Curros y sus obras

La prensa aburre muchas veces, pero en ocasiones consuela. Entre el insulso aluvión de artículos y sueltos y gacetillas que á diario distraen nuestras horas de ocio y á diario también asedian y fatigan nuestro espíritu hablándonos de cosas rancias ó trayéndonos novedades fútiles, hay algún día en que esparce por el ánimo un ambiente de consoladora esperanza.

Abro el manojó de periódicos que llegan hoy á mi mesa. Apenas rota la faja, salta á la vista este epígrafe: «Las obras de Curros» Devoro, más bien que leo, aquella noticia, escrita en unas cuantas líneas de letra menuda y prosa vibrante, y efectivamente, Curros Enríquez, aquel mago inmortal de la poesía gallega, cuyos restos descansan en la tierra que inspiró sus gallardos cantares, revivirá en sus obras, volverá al mundo envuelto en el nimbo de luz de sus versos excelsos, cruzando ante nosotros como una sombra redentora, como un ideal lejano acariciado por la fantasía de un pueblo.



Porque, si Curros murió, viven, y para Galicia vivirán siempre sus producciones, que no han pasado como bellezas fugitivas de un lirismo inútil, sino que se perpetúan al través de las generaciones y de los tiempos.

La obra de Curros eminentemente humana, altamente redentora, intensamente filosófica, con esa filosofía sana y viril de los hombres que no viven para si propios ni luchan para alimentar vanidades pueriles de una época de convencionalismos atávicos, es obra que se agranda con los años, que se agiganta en el rudo combate de las ideas y que se hace más rica en enseñanzas, más admirable y más hermosa, más elevada y positiva, á medida que el tiempo va convirtiendo en realidades aquellas bellas ilusiones que acariciaban su alma grande de poeta y de patriota cuando escribía:

«Triadas, miñas triadas,
.....
Miñas triadas valentes,
Raxad'os ares fungando,
Como fungan as serpentes.»

Bien hace Adelardo Curros en imprimir las obras de su padre. Es el homenaje más valioso que tributar pudiera á su memoria; es el acto más grande y el testimonio más cumplido de su amor á la pequeña patria, y es el más formidable mentís de cuantos podría oponer á los detractores de aquella lumbrera potentísima de las letras regionales.

E certamente a edición das súas obras era a homenaxe máis valiosa que se lle podía facer ao poeta finado. *Aires da miña terra*, que vira a luz en 1880 (aínda en vida de Rosalía), levaba vintedous anos sen reeditarse, dende que en 1886 saíra a terceira edición na coruñesa «Biblioteca Gallega» de Martínez Salazar. E o *Divino Sainete* dende a súa edición en 1888 non volvera a ser editado. A aparición, rematando o ano 1908, das *Obras completas* do poeta na editorial madrileña Sucesores de Hernando non podía ser máis oportuna, cando a desaparición física do poeta e os avatares do retorno dos seus restos poñía o seu nome en todas as bocas, incluso as daqueles que non o podían ler.

A primavera trouxo ao peirao coruñés os restos de Curros, o poeta galego máis popular e querido do seu tempo, para seren acollidos en San Amaro, unha primavera que aquel 1908 non tivo cantores, coas líras galegas silenciadas polo loito:

¡Ai, estación florida,
gallarda Primaveira,
quén para botarche copras
tivera o que non ten!...
Co corazón ferido,
sin lira garruleira,
¿quén te cantou, hermosa?...
¿Quén te cantou?... ¡Ninguén! ⁷



NOTAS

1. X.A.M. [Xesús Alonso Montero]: Curros Enríquez, Manuel, en *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 8, páx. 153.
2. Véxase: Xesús Oreiro Pensado: «Crónica actual da morte de Curros», en VV.AA., *Curros Enríquez. Crebar as liras*. Edt. A Nosa Terra, A Nosa Cultura, nº 9, Vigo, 1987.
3. Véxase o meu traballo sobre «A prensa betanceira» en *Anuario Brigantino*, nºs 6, 7 e 8, de 1983, 1984 e 1985, respectivamente. Para estes dous semanarios en concreto, o *Anuario Brigantino* de 1984.
4. Véxase o traballo de José Antonio Míguez, «Notas para un centenario: Fernández Flórez y La Defensa», en *Anuario Brigantino*, nº 7, 1984.
5. Véxase a súa biografía no meu traballo «Os animadores da prensa local, II», en *Anuario Brigantino*, nº 11, 1988.
6. No poema reproducido deslízanse catro erratas, cando menos: «catar» por «cantar» na cita inicial; «miña» por «miniña», no primeiro verso; «muradama» por «muradana», no terceiro, e «a pío» por «o pío», ao comezo da terceira estrofa.
7. Estrofa final do poema de Curros «A primaveira».